

EXPERIENCIAS ACADÉMICAS EN TORNO Á FUNCIÓN SOCIAL DA ARQUITECTURA

¿Qué está a acontecer nas escolas de arquitectura?

Encontro Académico
Escola Técnica Superior de Arquitectura. Universidade da Coruña
Xaneiro 2015

Proxecto DHabitat

EXPERIENCIAS ACADÉMICAS EN TORNO Á FUNCIÓN SOCIAL DA ARQUITECTURA ¿Qué está a acontecer nas escolas de arquitectura? recolle as presentacións, debates e resultados do Encontro Académico que co mesmo título tivo lugar na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña, (España) os días 30 de xaneiro e 6 de febreiro de 2015 a iniciativa do **Proxecto DHabitat**

O **Proxecto DHabitat** é un proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa. Nace da colaboración entre Arquitectura Sen Fronteiras (Galicia) e un colectivo de profesores da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña cun compromiso social e técnico con relación á sensibilización da opinión pública (e de forma máis específica da comunidade académica) sobre o dereito ao hábitat. O proxecto obtivo financiamento en concorrencia competitiva na convocatoria de axudas para financiar a execución de proxectos para actividades de educación para o desenvolvemento convocadas pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, que obtivo segundo resolución de 15 de maio de 2014

A Coruña, 17 de outubro de 2015. Día Mundial de Erradicación da Pobreza. Esta data foi recoñecida polas Nacións Unidas en 1992. Simboliza unha oportunidade para poñer en valor o esforzo e a loita das persoas que viven nese estado, a posibilidade de ouvir as súas preocupacións e un momento para recoñecer que os pobres son os primeiros en loitar contra a pobreza.

DOI: 10.13140/RG.2.1.4804.9363

ISBN: 978-84-9749-634-6

Depósito Legal: C2015-2015

Edita: Proxecto DHabitat. www.udc.gal/dhabitat ; dhabitat@udc.es ; galicia@asfes.org

Impreso en: Tórculo Comunicación Gráfica



Licenza creative commons:

Recoñecemento – NonComercial – SenObraDerivada (by-nc-nd): Non se permite o uso comercial da obra orixinal nin a xeración de obras derivadas.

PRESENTACIONES

Sandra Bestraten

ETSA / Universitat Politècnica de Catalunya

Esteban de Manuel

ETSA / Universidad de Sevilla

Belén Gesto

ETSA / Universidad Politécnica de Madrid

Vicente Díaz

ETSA / Universidad de Las Palmas de Gran Canaria

Carmen Mendoza

ETSA / Universitat Internacional de Catalunya

Maria Neto

Faculdade de Arquitectura / Universidade do Porto

Josep María Llop

Cátedra UNESCO Ciudades Intermedias / Universitat de Lleida

PROXECTO DHÁBITAT. EDICIÓN 2014-2015. PROFESORES

Enrique Blanco Lorenzo, Eduardo Caridad Yáñez, Amparo Casares Gallego, Iago Carro Patiño, Óscar Castro García, Andrés Fernández Albalat, Cristina García Fontán, Plácido Lizancos Mora, Emma López Bahut, Margarita Lorenzo Durán, Emilio Martín Gutiérrez, Xosé Lois Martínez Suárez, Dolores Otero Chans, Antonio Raya de Blas, Antonio Rio Vázquez, Patricia Sabín Díaz, Félix Suárez Riestra e Evaristo Zas Gómez.

GRUPO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE ARQUITECTURA SEN FRONTEIRAS-GALICIA:

Coordinación do proxecto “Difusión do dereito ao hábitat e ás súas dimensións transversais a través da sensibilización e a educación non formal na comunidade educativa”, no que se enmarca esta publicación.

Experiencias académicas en torno á función social da arquitectura



¿Que está a acontecer noutras escolas?

Venres 30 de xaneiro

Sandra Bestraten
ETSa / Universitat Politècnica de Catalunya

Esteban de Manuel
ETSa / Universidad de Sevilla

Belén Gesto
ETSa / Universidad Politécnica de Madrid

Vicente Díaz García
ETSa / Universidad de Las Palmas de Gran Canaria

Venres 6 de febreiro

Carmen Mendoza
ETSa / Universitat Internacional de Catalunya

Maria Neto
Faculdade de Arquitectura / Universidade do Porto

Josep María Llop
Catedra UNESCO Cidades Intermedias / Universitat de Lleida

As xomadas celebraranse na **Biblioteca da ETSAC**

Máis información en:

www.udc.gal/dhabitat



EXPERIENCIAS ACADÉMICAS EN TORNO Á FUNCIÓN SOCIAL DA ARQUITECTURA

¿Qué está a acontecer nas escolas de arquitectura?

INTRODUCCIÓN	09
MARCO DE ESTUDO	17
PRESENTACIONES	30
SÍNTESE	51
REFERENCIAS	55

INTRODUCCIÓN

“Architecture has become too important to be left to architects”

Giancarlo De Carlo¹

¹ Giancarlo De Carlo, 'Architecture's Public', en *Architecture and Participation*, ed. por Peter Blundell Jones, Doina Petrescu e Jeremy Till
Abingdon: Spon Press, 2007.

¿QUE ESTÁ A SUCEDER NOUTRAS ESCOLAS DE ARQUITECTURA?

Emma López-Bahut²

No ano 2013 nacía o Proxecto DHabitat, mediante a unión das forzas de Arquitectura Sen Fronteiras Galicia (ASFg) e dun grupo de persoas do profesorado da Escola de Arquitectura da Universidade da Coruña. O seu obxectivo principal era paliar a debilidade dos compoñentes sociais na comunidade educativa, particularmente no referido ás problemáticas da habitabilidade básica.

Economicamente financiado pola Xunta de Galicia en concorrencia competitiva, desenvolveuse con éxito no curso 2013-14 baixo o título “Proxecto de difusión do dereito ao hábitat e as súas dimensións transversais a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa”³.

Nese ano leváronse a cabo diferentes actividades docentes e formativas: ciclo de conferencias, espazo web, curso de verán⁴, biblioteca para o outro 90%, mesas redondas temáticas, curso formativo online, etc. Pretendíase introducir na comunidade académica da Escola de Arquitectura da Coruña os contidos conceptuais e as metodoloxías que fixesen posible a incorporación dos asuntos de habitabilidade desde un

² Emma López-Bahut é Doutora Arquitecta, profesora axudante doutora na E.T.S. de Arquitectura da Universidade da Coruña. Pertence ao Proxecto DHabitat.

³ Para máis información: <http://www.udc.es/dhabit/>

⁴ *Procesos Habitados: As Arquitecturas nas que Vive o Outro 90%. Resultados do Curso de Verán da E.T.S. de Arquitectura da Coruña.* Setembro de 2014. Disponible en: <http://dhabitfiles.udc.es/Cursos/Procesos%20Habitados/Procesos%20Habitados%20-%20dHabitat%20Obradoiro%20de%20Veran.pdf>

enfoque social. Unha vez concluído este primeiro proxecto, preséntase unha segunda parte que, de novo financiada pola Xunta de Galicia, ten continuidade durante o curso 2014-15.

Nesta segunda parte do Proxecto DHabitat o profesorado atópase coa necesidade de mirar cara a fóra, de investigar como se está introducindo e desenvolvendo este tema noutras escolas de arquitectura. Era un momento clave porque se estaba traballando un novo plan de estudos e tíñase a posibilidade de facer unha proposta concreta para introducir a cuestión social da arquitectura nel, mediante o desenvolvemento dunha materia optativa “Habitabilidade básica” e a posibilidade de traballar estes temas no Proxecto fin de Grao. Era un momento de incerteza no profesorado, pois se debía dar o paso de concretar os obxectivos, os contidos, establecer as metodoloxías, expor estratexias a medio prazo, etc.

Como consecuencia de todo iso, propúxose realizar unhas xornadas académicas sobre a función social da arquitectura, un encontro científico entre profesorado e investigadores de diferentes institucións do mundo universitario que viñeran xa incluíndo dunha ou outra maneira elementos de orde social ou estratexias de cooperación ao desenvolvemento na súa práctica académica. Buscábase abordar todas as accións docentes posibles: as materias do grao (truncos e optativas), proxectos fin de carreira, posgrao, doutoramento, investigación, accións in situ, aprendizaxe e servizo, etc.

O obxectivo era coñecer non só os resultados senón tamén o proceso levado a cabo, as súas dificultades, as súas fortalezas. Tratábase de coñecer de primeira man todas estas experiencias.

Ao tempo, xurdía como unha oportunidade de ampliar a rede xa construída na primeira fase do Proxecto DHabitat con profesorado doutras escolas de arquitectura que está interesado en traballar estes temas dentro do mundo académico.

As xornadas desenvolvéronse en dúas sesións, o trinta Xaneiro e o seis de Febreiro de 2015, nun ambiente próximo e de traballo, favorecido polo espazo da Biblioteca da Escola de Arquitectura. Estas conferencias foron gravadas e achéganse coa presente publicación.

Expuxéronse as cuestións disparadoras para favorecer o debate:

- ¿Debe intervir a universidade ante os conflitos sociais como os derivados da ausencia de habitación?
- ¿Debe esperar a universidade a que a sociedade reclame os seus servizos?
- ¿Que actitude debe asumir a universidade ante as crises?
- ¿A que profesionais precisan o sete mil millóns de habitantes do mundo?
- ¿A quen debemos formar: profesionais eficaces ou persoas comprometidas?
- ¿Deben as escolas de arquitectura adecuar os seus enfoques ante un mundo crecentemente esgazado entre unha minoría opulenta que reclama servizos profesionais e unha maioría empobrecida que non pode acceder a eses servizos?
- ¿Son a informalidade, o vernáculo ou a autoconstrución, ámbitos que deben ser incorporados á docencia oficial?
- ¿Sobrevivirán indemnes as profesións do deseño ás crises?
- ¿Deben os profesionais da arquitectura ocuparse dos procesos ou conformarse co mero deseño de produtos?
- ¿Debe ignorar a academia realidades sociais alleas, afastadas, minoritarias ou descapitalizadas?
- ¿Os pobres e as grandes corporacións constrúen as cidades do mundo. Estamos a preparar aos universitarios para esta realidade?

Ante estas cuestións, e tendo como eixo a exposición das diferentes estratexias para levar a función social da arquitectura ás escolas, o primeiro día cinco relatores expuxeron as súas experiencias:

Sandra Bestraten. Arquitecta e profesora na ETSA de Barcelona.

Describe as dúas materias optativas en grao (Vivenda e cooperación e Tecnoloxías de baixo custo) que levan impartindo case que quince anos. Tamén explica o funcionamento do Tribunal de Fin de Carreira que, presidido por Zaida Muxí e xunto con Ana Ramos acolle temas libres sobre proxectos de cooperación internacional ou proxectos de rehabilitación que inclúen procesos participativos. Estas dúas accións complementáanse coa posibilidade do alumnado de realizaren unha estancia de cooperación no verán e con desenvolvementos en traballos de investigación.

Esteban de Manuel. Doutor arquitecto e profesor na ETSA de Sevilla.

Parte do tres facetas da Universidade: a pedagóxica, a investigadora e a extensión, referida á conexión dos universitarios con proxectos reais, coa sociedade. Hoxe en día estamos inmersos nos plans Boloña, baseados na competitividade, así que se pregunta como introducir a función social da arquitectura neste contexto. Expón e exemplifica accións desenvolvidas en tres fronteas: a introdución nas materias establecidas, creación de materias específicas e formación especializada de posgrao.

Belén Gesto. Arquitecta, directora do ICHaB e profesora na ETSA de Madrid.

Relata o camiño desde os anos noventa, iniciado por Felipe Colavidas e Julián Salas, para a introdución da Habitabilidade Básica como unha materia de primeiro en posgrao e despois como optativa en grao, até a

creación do Instituto de Cooperación en Habitabilidade Básica (ICHaB), recoñecido como Cátedra Unesco en 2007.

Vicente Díaz. Doutor arquitecto e profesor na ETSA de Las Palmas de Gran Canaria.

O primeiro paso na escola de Las Palmas foi dado en 2003 coa creación da materia optativa en quinto curso de grao “Hábitat e desenvolvemento”, na que se traballa a dúas escalas: a da realidade española e a da cooperación ao desenvolvemento en Latinoamérica e África. A metade das clases destínanse a un contido teórico específico e na outra metade, trabállase na realidade mesma, fose da aula. Doutra banda, explica o proceso de revista Márgenes de Arquitectura Social.

María Neto. Arquitecta e Investigadora na Facultade de Arquitectura da Universidade do Porto (PT).

Encontra que a escola do Porto esta sensible ao tema aínda que podería esperarse que puidese estar máis aberta fronte á súa historia e tradición. Con todo, existen accións satélite como: a recente exposición “O Processo SAAL. Arquitectura e participación 1974-1976, 2014/2015”, un proceso no que se materializa o papel social da arquitectura e que recuperou o tema para un debate amplo; ou a pasada conferencia internacional de Arquitectos Sen Fronteiras, celebrada na Facultade do Porto en 2013 baixo o título “The teaching of architecture in the development process”, unha iniciativa que tentou abrir o horizonte de actuación do arquitecto. Doutra banda, María Neto centra a súa investigación na emerxencia dentro da cooperación e desenvolvemento, e defende a necesidade de debater este tema dentro das escolas, ampliando o campo de actuación do arquitecto e situando a práctica de arquitectura no contexto humanitario.

Na segunda xornada, os relatorios que se presentaron foron:

Carmen Mendoza. Doutora arquitecta e codirectora do Master on International Cooperation: Sustainable Emergency Architecture na Universitat Internacional de Catalunya.

Mostra o estado da cuestión na escola de arquitectura da UIC, en tódolos seus niveis.

A cooperación ao desenvolvemento impártese como materia obrigatoria en cuarto ano, organizada nun semestre dedicado a proxectos de escala internacional e un segundo dedicado á escala local. O alumnado pode especializarse como máster sobre a xestión de proxectos na cooperación e o desenvolvemento sustentable onde se aborda desde a escala arquitectónica á urbana, cunha visión interdisciplinar. Neste momento, están a pór en marcha o seu programa de doutoramento.

Josep María Llop Torné. Arquitecto e Director da Cátedra UNESCO Cidades Intermedias, Universitat de Lleida.

Explica a proposta denominada “Plan Base” como resultado da premisa de que o dereito á cidade debe comezar polo dereito ao plan, é dicir, o dereito da cidadanía a que poida coñecer e intervir no deseño das estratexias de plan que definirán cada cidade no decurso dos seguintes dez anos.

Esta constelación de experiencias que se recollen nesta pequena publicación, articula unha serie de posibles camiños e estratexias que se desenvolveron nas escolas de arquitectura da península orientadoras para aqueles que están a comezar a súa andaina, como o grupo de profesorado do Proxecto DHabitat. Todas estas iniciativas serven de referente e de inspiración para abordar a introdución da función social da arquitectura de maneira colectiva na escola.

As xornadas serviron para pechar unha fase dentro do Proxecto DHabitat, quizá máis dedicada ao descubrimento, coñecemento, inmersión ou investigación sobre cuestións sociais da arquitectura. Por iso agora ábrese outra nova etapa, con marcado carácter propositivo, que se espera poder desenvolver nos próximos anos.

Como dicía Eduardo Galeano: moita xente pequena, en lugares pequenos, facendo cousas pequenas, poden cambiar o mundo.

MARCO DE ESTUDO

A CONSTRUCCION SOCIAL DA ARQUITECTURA

Un século de aproximacións

Plácido Lizancos⁵ e Sara Escudero

“... much of what has been done in the name of human well-being has been arrogantly and ignorantly done at the expense of human well-being; that those who have been trained to support and enhance such fundamental human efforts as housing, education, and health care have claimed possession of those activities, forgetting that a basic human right is the right to do for one’s self what one is quite able to do.”

Robert Ficher⁶

A arquitectura naceu para satisfacer as necesidades humanas.

Miles de anos de realizacións confírmano.

Na última década parecía que nos distraemos e cambiado aquel alto obxectivo por un modo de facer que demasiadas veces soaba a aquilo de Hey, hey? mirade, mirade o que se me ocorreu!⁷

⁵ Plácido Lizancos é profesor titular da Universidade da Coruña. As informacións sobre Francia foron obtidas e redactadas pola arquitecta Sara Escudero Rubio.

⁶ Ficher, R., “preface”, p.viii, en Turner, F.C. e Ficher, R., *Freedom to build. Dweller control of the housing process*; The Mac Millan Company, Nova York, 1972

⁷ Parafraseamos aquí a *Robert Ivy*, presidente de *The American Insitute of Architects* no seu “Special report AIA AARchitect *Form, function, force multiplier: Design for the Common*. Good Special Report. Vol 19. Nov 16, 2012. [<http://www.aia.org/practicing/AIAB096497>]; “Architecture serves people. While our chosen profession combines ideas, craft, science, imagination, pragmatic analysis, calculation -and occasionally art- ultimately, our built projects provide shelter. And if, during the early days of this new century, our media attention shifted to computer-fed formalism with a kind of “Gee whiz, look what we can make!”

Bruídos formais irromperon ruidosamente nas publicacións, os *blogs* e tamén nos espazos das nosas cidades e nas aulas universitarias

Entre tanto despregabamos os nosos xogos florais o mundo ía tornando nun lugar progresivamente máis inxusto, sucio e inhabitable. Catro conflitos, de longo percorrido, están detrás disto: a loita de clases entre a minoría que se apodera da riqueza de todos e o resto da humanidade; a degradación ambiental secundaria á depredación dos recursos limitados do planeta; a desigualdade entre as persoas en razón de xénero ou etnia e finalmente, o conflito neocolonial entre culturas dominantes e dominadas. Iso acrecéntase nos últimos anos cunha profunda crise financeira que arrastra tras de si nosa desconfianza nos sistemas de produción e de comercio globais.

¿Cal é o lugar da arquitectura en todo isto?

¿Pode a arquitectura contribuír a facer do mundo un lugar mellor?

Estas son algunhas das preguntas que nos facemos desde un minúsculo espazo académico situado na Escola de Arquitectura da Coruña e tamén desde algunhas outras institucións irmás.

Non queremos aventurar a resposta sen botar a vista atrás. Buscamos inspiración en tempos pasados nos que foron afrontados retos comparables por parte dos arquitectos e de quen entre eles se encargaban de formar ás futuras xeracións de profesionais.

Hai un século, en Centroeuroa, as cidades, ou diremos máis aínda, a sociedade enteira foi arrasada até os seus alicerces pola Guerra Mundial e debeu ser reconstruída.

Os profesionais da arquitectura lanzaron entón o Movemento Moderno , que en palabras de Benévolo empezou co propósito de superar as discriminacións producidas pola xestión urbana tradicional e interpretar obxectivamente, por medio da investigación científica, as esixencias de todos os cidadáns. O esforzo foi tan grande, pois case todo era novidade, que se deberon mesmo inventar palabras para conceptos inexistentes, como Existenzminimum⁸.

Unhas décadas despois, a lentitude das actuacións ou a súa desviación respecto dos obxectivos iniciais farán xurdir voces que esixirán a revisión das tácticas de traballo e mesmo dos principios teóricos do Movemento Moderno.

Así as cousas as primeiras críticas que se expresan en público -estamos na década dos cincuenta- chegan dunha xornalista radicada en Nova York, Jane Jacobs, quen denuncia que o deseño urbano realízase sen ter en conta as necesidades da poboación e si outros intereses. Chega mesmo a ir máis aló ao afirmar que ese modo de actuar ten efectos nocivos sobre a sociedade como a segregación funcional e outras disfuncionalidades. Todas aquelas impresións conforman o libro “*The Death and Life of Great American Cities*” que aínda sendo publicado en 1961, reivindica asuntos relacionados coa xestión social do hábitat que seguen a formar parte da nosa actualidade.

Os camiños críticos teñen tamén outro incipiente practicante en Turner, que recentemente egresado da Architectural Association en 1956 abandona Londres para intervenir nas barriadas de Lima mediante unha

⁸ Este concepto -equivalente ao de “Hábitat Básico” en Galego- derivase do artigo 155 da constitución de 1919 da República de Weimar, que prescribía “un hábitat saudable” para tódolos alemáns, en termos de espazo mínimo necesario, densidade de usuarios, renovación de ar fresco, acceso a áreas verdes e a vías de comunicación, etc.

nova metodoloxía de autoconstrucción asistida ideada por el. Oito anos de traballos naquel medio permítenlle explicar moitas cousas, entre elas o porqué abandonou a práctica da arquitectura oficial

“...we felt and knew that architecture cannot be practiced as if it were an independent variable –as though the architect had no social or political responsibilities- yet neither could we accept the Marxist antithesis. It seemed as absurd to believe that social structure could be changed through architecture as it was to believe that architecture should be entirely subjected to the official interpretation of popular taste”⁹

Tras estes dous iniciadores, un número crecente de voces adhírese á reivindicación dun maior compromiso ético da profesión ao fío dos movementos políticos e culturais que aniñan no sesenta a ambos os dous lados do Atlántico.

En Holanda, un país que está envolto na construción masiva de vivenda, o profesor da Technical University de Eindhoven John Habraken, amolado pola falla de implicación dos usuarios en todo este proceso desenvolve as súas investigacións que se verán recollidas no libro *Supports: An Alternative to Mass Housing* -publicado en 1961- no que se reclama unha arquitectura de soportes na que o *Estado* “provided the infrastructure on top of and between which people could build their own housing”. Estas aportacións terán grande seguimento en todo o mundo.

Un fito relevante nesta cadea de acontecementos é a inauguración en 1964 no templo da modernidade -o Museum of Modern Art de Nova York- da exposición *Architecture without Architects* comisariada por Bernard Rudofsky. Esta mostra producirá un forte impacto ao reivindicar a atención sobre os modos en que as

⁹ Turner, F.C., “The reeducation of a professional”, p.124, en: Turner, F.C. e Ficher, R.: *Freedom to build. Dwellers control of the housing process*; The Mac Millan Company, Nova York, 1972

xentes correntes e humildes, iletradas pero profundamente cultas, fan arquitectura (sen arquitectos), provéndose de todo o que necesitan para desenvolver as súas vidas, sen auxilio externo.

Case ao mesmo tempo, non lonxe de alí, Venturi, Scott e Izenour dedícanlle un curso na Yale School of Architecture ao estudo do Strip de Las Vegas. Casinos, hoteis, galpóns, anuncios luminosos e diversas sub arquitecturas serán analizadas na escola como quen disecciona a obra dun gran mestre.

Consúmase con estes dous feitos a entrada do popular e o vernáculo na academia. Aprender das cousas “less immodest in their erections of *heroic*, self-aggrandizing monuments”, isto é o “learning from everything”, como dixo Venturi, incorpórase aos discursos oficiais.

O traxecto aquí iniciado pode considerase concluído en 1993. Nesa data 1993 D. K. Ruth e Samuel Mockbee -que gosta autodefinirse como “cidadán arquitecto”- establecen o *Rural Studio* nunha das rexións máis deprimidas dos Estados Unidos (o West Alabama's Black Belt Region). *Rural Studio* é o taller da School of Architecture, Planning and Landscape Architecture da Auburn University e a súa filosofía será a de adestrar aos estudantes de acordo cunha “hands-on educational experience whilst assisting an underserved population”.

En Francia a publicación en 1968 por Lefebvre do libro “Le Droit à la Ville” reivindicando a instauración do “bo vivir” para todos, e facer da cidade o “cenario de encontro para a construción da vida colectiva” coincide no tempo cos acontecementos de maio de 1968. As escolas de arquitectura¹⁰ acéndense.

¹⁰ O Maio Francés non xerou cambios profundos na sociedade mais implicou repercusións en canto a melloras nas prestacións sociais. A Universidade sufriu unha grande transformación; unha das consecuencias foi a aparición das Escolas de Arquitectura. No sistema clásico de Beaux Arts, “Arquitectura” era unha disciplina máis. Tras os acontecementos de Maio do 68 aparecen como Unidades Pedagóxicas de

Italia, Portugal e España acusarán tamén o impacto do maremoto crítico.

Os traballos do arquitecto e profesor Giancarlo de Carlo en Urbino e a formación do radical ILAUD (International Laboratory of Architecture and Urban Design) en Venecia demostran que a acción política axuntada ao traballo do arquitecto son de maior efecto para o cambio social.

Non menos relevante é a experiencia do chamado proceso SAAL que terá lugar no Portugal revolucionario. Veciños, arquitectos e estudantes de arquitectura foron implicados nunha acción colectiva destinada á dotación de vivenda para as clases populares que nunca foran obxecto de atención anteriormente e na

Arquitectura independentes de “Belas Artes”. Baséanse no fortalecemento do pensamento crítico en relación aos problemas sociais e a outras cuestións tanxenciais.

A Unidade Pedagóxica nº6 (UP6) está considerada como a escola francesa que foi máis fiel ás ideas de Maio do 68. Outro tanto aconteceu coa Unité Pédagogique d'Architecture de Nantes (UPAN), na que estudantes e profesores traballaron xuntos durante tres anos para a elaboración do programa e a configuración espacial da nova escola.

A UP6 é actualmente a escola de arquitectura de París La Villete (ENSAPL). Oponse a todo academicismo e busca xerar unha estreita relación coa realidade. Entre os seus principios están o rexeitamento ao elitismo, xa que considera á arquitectura como un tema importante na sociedade, que debería achegarse á xente con facilidade, a procura da diversidade nos estudantes, propiciar o interese polos aspectos cotiáns da arquitectura e do urbanismo, quitar peso á sobre-mediatización de certo tipo de arquitecturas e promover o descubrimento doutras culturas arquitectónicas.

mellora dos barrios degradados das cidades portuguesas. Aquilo non só serviría para dar habitabilidade básica a máis de corenta mil familias senón a consolidar á arquitectura portuguesa no mundo. En España o foco dos acontecementos virará ao redor do *Laboratori de Urbanisme de Barcelona*. É un centro de investigación da Universitat Politècnica de Catalunya, formado en 1968 baixo a iniciativa de Manuel de Solà-Morales. Desenvolve iniciativas docentes e investigadoras inicialmente de forte carga social ante a situación de sub desenvolvemento na que se atopan moitos lugares da periferia das maiores cidades catalás. Fronte ás intervencións tecnocráticas oficiais, o LUB propón unha aproximación analítica na que se teñen en conta as forzas sociais que determinan o crecemento urbano.

En Sudamérica este modo de operar xa se vén practicando, silandeiramente, lonxe das capas dos medios de comunicación.

De México a Chile aquelas terras, as máis urbanas do planeta, mostran sistematicamente os peores efectos da urbanización acelerada, pondo en cuestión a capacidade do Movemento Moderno, da profesión e da Universidade para evitar a catástrofe, máis aló dalgunhas operacións puntuais indiscutiblemente exitosas. As súas escolas de arquitectura van ser as primeiras do mundo –trala II Guerra Mundial- que asumirán a necesidade de darlle un enfoque social aos seus currículos. A chegada de profesores exiliados europeos, de Alemaña, España ou Rusia activará estes cambios, que aquelas aulas reciben con entusiasmo. O primeiro en chegar é o húngaro Tibor Weiner, ex alumno da Bauhaus. Instálase na Universidade de Chile en 1939 impulsando alí a renovación docente e anticipando o que van facer moitos outros nun incontable número de Escolas e centros de investigación en todo o continente.

En anos sucesivos chegará a armarse naquelas latitudes un grupo de profesores universitarios que realizan grandes achegas académicas de gran impacto nas políticas dos seus países e do mundo enteiro, como son

en México Carlos González Lobo, en Arxentina Víctor Pelli e en Chile Fernando Castelo Velasco e a súa discípula Joan Mc Donald.

A crise é xa global nos setenta.

Recoñécese (Benévolo, 1974) que se “debe considerar de maneira distinta a investigación arquitectónica moderna, tanto nos países desenvolvidos como nos que están en vías de desenvolvemento pois se produciu un desdoblamento da cidade contemporánea en cidade regular e informal”, advertíndose que as técnicas urbanísticas e a arquitectura modernas poden ter un efecto perverso ao “converterse no instrumento dunha nova discriminación a escala mundial, abandonando o seu orzamento inicial”.

Nesa orde de cousas as Nacións Unidas tendo identificado a amplitude dos problemas do hábitat crean en 1975 a axencia UN Hábitat, “para un futuro urbano mellor”.

Esta axencia, radicada en Nairobi, terá como misión salvagárdaa das condicións de habitabilidade do único planeta habitable do universo.

Ao ano seguinte, celebra en Vancouver a primeira conferencia mundial denominada “Hábitat I”, sucedéndose a segunda en Istambul en 1996 e estando anunciada a terceira para Quito en 2016, focalizadas na xestión do hábitat no máis amplo sentido da palabra, dunha maneira inclusiva e sustentable.

En 1976 fúndase en San Francisco, *Habitat For Humanity*.

É a primeira Organización non Gobernamental nada desde a arquitectura. En 1979 faio *Arquitectos sen Fronteiras*, hoxe *Arquitectura sen Fronteiras*.

En anos sucesivos dúcias de organizacións sen ánimo de lucro, desvinculadas de credos ou orientacións políticas foron constituídas desde colectivos profesionais, ao amparo de organizacións profesionais ou académicas para encamiñar a súa resposta ante asuntos aos que as institucións ou a profesión non respondían. Emerxencia, catástrofes, conflitos, áreas informais ou comunidades de moi baixos recursos, tanto no Norte como no Sur globais serán os seus obxectivos.

Son as súas accións fundamentalmente a intervención a través da xestión de recursos humanos e financeiros. En tempos recentes se han #ir abrindo a estratexias de produción e análises novas como o traballo colaborativo ou o traballo pro-bono, conformando modos de facer non convencionais pero de gran impacto social.

En 2013 Arquitectos sem Fronteiras de Portugal e Architecture sans Frontières International celebran nas instalacións da Facultade de Arquitectura da Universidade de Porto (Portugal) a conferencia "The teaching of architecture in the development process", un evento que reúne a quen desde ambos os mundos -as ONG e a Academia- traballan polo mesmo obxectivo.

A Academia vai ir integrando paulatinamente aqueles asuntos, ben nas súas liñas de investigación ou máis raramente na súa práctica docente, maiormente en asépticos cursos de pos graduación ou de alta especialización, por exemplo adestrando profesionais capaces de intervir nun contexto global.

Son os programas como o do The Minimum Cost Housing Group (MCHG) da McGill University School of Architecture, de Montreal, Canadá. Unha unidade de investigación formada en 1970, co seu foco no hábitat dos pobres "both in the south as well as in the north"; o CENDEP, Centre For Development and Emergency Practice, aberto en 1985 na Universidade de Oxford Brookes no Reino Unido ou o Master in Development and Tropical Studies que se imparte na London University e que é continuador do curso de posgrao en

arquitectura tropical que se iniciou en 1954 na Architectural Association School de Londres por Maxwell Fry e Otto Koenigsberger.

Máis contemporáneo e cun enfoque fundamentalmente dirixido á recolección e análise de experiencias existentes é o grupo denominado Spatial Agency, da Escola de Arquitectura da Universidade de Sheffield (Reino Unido). Os seus obxectivos fundacionais son a reivindicación da *Spatial Agency*, isto é, do concepto desenvolvido por Cedric Price no setenta segundo quen “a building is not necessarily the best solution to a spatial problem”, propondo a evolución do arquitecto cara a un *Spatial Agent*, ben diferente do profesional definido nas estruturas formais “as an individual hero” pois o seu rol nunha renovada contorna laboral colaborativa -que tamén é reivindicada- sería “to act with, and on behalf of, others”.

O enfoque mais amplo -pois combina a crítica arquitectónica, a investigación, o proxecto e a intervención in situ- realízao a cátedra Urban Think Tank na ETH de Zúric (Suíza), encabezada por Alfredo Brillembourg e Hubert Klumpner que se especializa “in the design practice of contemporary architecture and urbanism”. As súas liñas de investigación teñen por obxectivo os “informal settlements in the global south [...] conducting research and fieldwork in different urban slum areas around the globe” pondo o foco “on the education and development of a new generation of professionals, who will transform cities in the 21st century”.

Este contexto verase influído mais unha vez polo Museum of Modern Art de Nova York, quen como xa sucedeu anos atrás con *Architecture without Architects* vai marcar en 2010 a axenda profesional cunha nova exposición: *Small Scale, Big Change: New Architectures of Social Engagement*.

A exposición presenta once edificios do cinco continentes caracterizados por “bring innovative architecture to underserved communities” demostrándose que os seus autores atenderon “the functional requirements of their designs but also aim to have a broad positive effect on the communities they work in, as partners in social, economic, and political transformation beyond the boundaries of their often modest sites?”.

Aínda é pronto para dicir se os posicionamentos de *Small Scale, Big Change* son universalmente aceptados e tamén para saber como convivirán coas rechamantes propostas alzadas polos profesionais vinculados aos círculos do poder nas megalópolis do lonxano Oriente ou nas cidades prefabricadas do Golfo Pérsico. En todo caso o panorama mostra actualmente una certa incorporación do social en todas as institucións da arquitectura.

Así as esclerotizadas organizacións profesionais como a Unión Internacional de Arquitectos celebrará por vez primeira unha das súas cimeiras ¡e foi o XXV!- en África (Durban 2014), baixo a lema “Architecture elsewhere”, pondo a énfase na arquitectura entendida como servizo público.

Neste contexto a próxima bienal de arquitectura de Venecia a celebrar en 2016 dá sinais de querer abandonar a súa anterior filosofía que tiña na arquitectura un obxecto de culto, case banal, desprovisto de calquera dimensión social ou funcional.

A designación como director do arquitecto chileno Alejandro Aravena deixa ben claro cal pode ser a traxectoria do evento. Aravena é, lembrémolo, un profesional que se ten labrado un lugar na fama profesional coas súas propostas arquitectónicas centradas na xestión de procesos nos que os usuarios son os protagonistas da configuración final dos edificios.

Reporting From the Front é o argumento da Bienal, querendo con el celebrar un encontro no que “...diversas fronteiras deben ser expandidas para mellorar a calidade do construído e a consecuente calidade de vida das persoas...”.

Entre os axentes convocados á esta gran cita figuran segundo se anuncia desde o website do evento: os arquitectos, a sociedade civil, que inclúe a aquelas persoas “without any formal training in design, have been able to improve their own built environment”. Convidase tamén aos líderes que “*from their privileged positions, at the top or the bottom of the pyramid, may orient the practitioners in the battles worth to get involved with*”.

As organizacións non gobernamentais e a universidade non foron convidadas.

Esta inexplicable ausencia debe servir de acicate tanto ás ONG como á academia para reivindicar pola forza dos feitos un lugar entre os actores que a través da arquitectura fan que o mundo sexa un lugar mellor.

A nova era implica graves e complexos desafíos (...) responder a deterioración social e á crecente marxinação do deseñador respecto de proxectos de contido social.
Carta UIA/UNESCO da formación
(Barcelona, xuño 1996)

PRESENTACIÓN

EXPERIENCIAS ACADÉMICAS AO REDOR DA FUNCIÓN SOCIAL DA ARQUITECTURA NA ESCOLA DE ARQUITECTURA DA UNIVERSIDADE DE SEVILLA

Esteban de Manuel Jerez¹¹

Se nos interrogamos pola arquitectura que necesitamos para afrontar os retos da sociedade contemporánea e desde aí nos preguntamos polo encaixe que estes teñen desde os procesos de ensino e aprendizaxe, desde a investigación e desde a extensión universitaria (entendida no marco da tradición latinoamericana como colaboración directa entre sociedade e universidade), creo que podemos chegar á conclusión de que necesitamos cambiar prioridades e cambiar de paradigma docente e investigador.

Hoxe ocupan un lugar central tanto en investigación como en docencia temas de importancia marxinal para a crise civilizatoria na que estamos inmersos. Crise no noso contexto exprésase na segregación social e espacial na cidade que propicia o crecemento da desigualdade, a situación de emerxencia habitacional vinculada aos desafiuzamentos, a volta a situacións de sobre ocupación ou os serios problemas de emancipación dos mozos á vez que temos 3.5 millóns de vivendas baleiras.

A nivel ecolóxico exprésase na desbordante pegada ecolóxica das nosas áreas metropolitanas. No mundo 1.200 millóns de persoas viven en chabolas sen servizos urbanos e a pesar da extrema desigualdade na distribución dos recursos a nosa pegada ecolóxica supera nun 50% a biocapacidade do planeta.

Para afrontar desde a docencia a función social da arquitectura temos dúas opcións complementarias:

